

O programa de Nadal inclúe actos de balde para todos os gustos e idades

Xa está aquí de novo o Nadal e o Concello de Oroso ten programado un intenso programa de actividades gratuítas que comezarán coa chegada das vacacións escolares: teatro, música, conciliación familiar, animación á lectura, excursións... acompañarán a actividades xa tradicionais como o concerto de corais, o belén vivente dos meniños da gardería ou a cabalgata de Reis, que este ano virá con sorpresa...

● POSTAIS DE NADAL CON MENSAXE

Prazo de entrega das postais ata o 23 de decembro, entrega das postais na Biblioteca Municipal. Dirixido a maiores de 4 anos.

● DIVER NADAL

23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro de 2013 e 2, 3, 7 e 8 de xaneiro de 2014 (10 días), no CEIP de Sigüeiro. Prazo de inscrición ata o 16 de decembro no centro cultural. Dirixido a nenos/as escolarizados/as.

● ANIMACIÓN Á LECTURA

Sábado 14, 21 e 28 de decembro: **contacontos "Lúa Lueira"**, ás 11:00h. Maiores de tres anos.

Venres 27 de decembro: taller **"Somos amig@s invisibles!"**, ás 18:00 h. Maiores de 4 anos.

Xoves 2 de xaneiro **Contos para o tempo do Nadal**, ás 18:00h. De 4 a 9 anos.

En todos os casos, inscrición previa na biblioteca.

● BELÉN VIVENTE DA GARDERÍA "A ULLOA"

Venres 13 de decembro: no centro cultural, ás 18:30h. Dirixido a todos os públicos.

● SESIÓN ABERTA DO OBRADOIRO DE TEATRO

Martes 17 de decembro, ás 19:00 h. no centro cultural. Aberto a todos os públicos.

● TEATRO "SMOKE CITY"

Mércores 18 de decembro, ás 16:45 h. Dirixido a alumnos/as da ESO e aberto ao público en xeral.

● VISITAS DOS PAXES REAIS

Venres 20 de decembro. Un carteiro e un paxe Reais recollerán as cartas dos nenos e nenas das garderías "Trastes" e "A Ulloa", dos alumnos/as do CRA e do Fogar Residencial Porto Avieira.

● CONCERTO DE CORAIS

Sábado 21 de decembro, ás 20:30h, no centro cultural. Dirixido a todos os públicos.

● EXCURSIÓN AS BRAÑAS DA VALGA (Mesía)

Xoves 26 de decembro. Dirixido a rapaces/azas de 5 a 12 anos. A excursión é gratuítta. O prazo para inscribirse remata o 22 de decembro.

● CONCERTO DE PANXOLIÑAS

Venres 27 de decembro, ás 20:30 h, no centro cultural.

● BAILE PARA MAIORES

Sábado 28 de decembro, a partir das 19:30 h, no centro cultural. Actuación do grupo Glamour.

● VISITA AO PLANETA MÓBIL

Xoves 2 e martes 7 de xaneiro, ás 12:00 h, no centro cultural. Inscricións no centro cultural.

● FESTIVAL DE ANO NOVO DA AULA DE MÚSICA

Venres 3 de xaneiro, ás 19:00 h, actuación dos/as alumnos/as da Aula de Música no centro cultural.

● GRAN CABALGATA DE REIS

Día 5 de xaneiro. Ás 17:30 h saída da Estación de Vilacide e percorrido polas rúas de Sigüeiro. Recepción na Casa do Concello ás 18:15h. Chegada ao Pavillón de Deportes ás 19:00 h. Alí haberá caramelos e inchables para todos/as!! (o pavillón non abrirá ata as 18:30 h.)

● MONICREQUES "OS CREBANOCES"

Mércores 8 de xaneiro, ás 18:00 h, no centro cultural. Dirixido ao público familiar (a partir de 5 anos). Programa de Dinamización Lingüística.

Máis información www.concellooroso.com.





DiverNadal: dez días para conciliar vida laboral e familiar



Concello de Oroso ten aberto o prazo de inscrición no programa de conciliación familiar "Diver Nadal", unha iniciativa dirixida a nenos e nenas en idade escolar que terá lugar no CEIP de Sigüeiro ao longo de 10 días correspondentes ás vacacións de Nadal (23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro, así como 2, 3, 7 e 8 de xaneiro de 2014). Os prezos oscilan entre os 62 e os 145 euros, dependendo do número de horas ou de se é con xantar ou sen el. As persoas interesadas en que os seus fillos e fillas poidan participar neste programa deberán formalizar a inscrición no centro cultural antes do vindeiro 16 de decembro.



A Policía Local dá unha charla sobre seguridade para peóns

O gran éxito acadado pola iniciativa "Martes saudables", que rexistrou unha media de máis de 50 participantes en novembro, animou ao Concello de Oroso a continuar con estas charlas formativas gratuítas dirixidas, en especial, á terceira idade. Así, o martes 3 de decembro, ás 17:00 horas, o local da Terceira Idade de Sigüeiro acollerá unha charla sobre seguridade e prevención de roubos dirixida aos maiores do municipio e impartida por persoal da Garda Civil dentro do "Plan Mayor Seguridad". E para o martes 10 de decembro, ás 20:00 horas, o centro cultural de Sigüeiro albergará unha charla sobre seguridade viaria para peóns, impartida pola Policía Local de Oroso e que estará presidida polo alcalde Manuel Mirás. A charla está aberta a todo o público, se ben está especialmente recomendada para os máis maiores. Ao remate da mesma, entregaranse chalecos reflectantes de agasallo a todos os asistentes.



O Taekwon-do ITF Oroso, con moitas posibilidades de medalla



Os "Chícharos" de Oroso conseguiron 8 primeiros postos, 15 segundos e 12 terceiros postos no encontro da Liga FITE Galicia de Taekwon-do ITF, celebrado en Sigüeiro. Un campionato que reuniu a cen deportistas de seis clubs galegos. "Pero máis alá dos resultados, o importante son as boas sensacións coas que afrontaremos este último mes antes da derradeira competición. Seguindo esta liña de traballo, o 14 de decembro en Noia, teremos moitas opcións de que algún ou algunha de Oroso se faga co ouro no remate da Liga", explica María Jesús Vázquez, secretaria do Club Taekwon-Do ITF Oroso.





Oroso contará cunha nova gardería de 41 prazas

O alcalde de Oroso, Manuel Mirás, e a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asinaron o convenio para a construción dunha segunda escola infantil municipal no municipio. Segundo o devandito convenio, a nova gardería ubicarase nunha parcela cedida polo Concello de Oroso a carón do CEIP de Sigüeiro e ofertará un total de 41 prazas para nenos e nenas de 0 a 3 anos.

Manuel Mirás celebra que a Xunta accedera a asinar o convenio, "aínda que o fixera con varios anos de retraso pero, xunto ao novo colexio que se está a construír no Carboeiro, penso que teremos cuberto as necesidades educativas dos nosos veciños e veciñas durante moito tempo". A Consellería de Traballo e Benestar traballa xa na redación do proxecto, polo que a licitación terá lugar nas próximas semanas.



O alcalde Manuel Mirás asina o convenio de colaboración para a construción da gardería coa conselleira Beatriz Mato



Obxectivo: ningún neno de Oroso sen xoguetes de Reis




O Concello de Oroso vén de poñer en marcha a campaña "En Reis, ningún neno/a sen agasallo", coa que pretende que todos os nenos e nenas das familias máis vulnerables do municipio poidan disfrutar dun agasallo o día de Reis. A iniciativa conta coa total e desinteresada colaboración de case todos os establecementos comerciais do municipio, que durante as próximas semanas albergarán nos seus locais unhas huchas para recoller os donativos que queiran facer os seus clientes.

O concelleiro de Servizos Sociais, Antonio Leira, destaca "a gran implicación dos comerciantes de Oroso pois este ano non só colaboran as tendas e os supermercados, senón tamén todo tipo de negocios como clínicas, empresas de servizos...". De feito, este ano conseguíuse a colaboración de 85 establecementos comerciais, tanto de Sigüeiro como das parroquias. Cos cartos recollidos, o Concello mercará agasallos para os nenos e nenas das familias máis necesitadas, que poderán recollelos dun xeito discreto a principios de xaneiro nos Servizos Sociais municipais.



A campaña conta coa colaboración especial das tendas Refoxos e Aula 10, que elaboraron as huchas



Foi noticia...



Oroso dixo NON á violencia contra as mulleres

O Concello de Oroso puxo en marcha este ano una novidosa iniciativa contra a violencia de xénero en colaboración con catro municipios de Portugal: Arganil, Góis, Oliveira do Hospital e Tábua, cuxa "Campaña dos lazos" implicou de xeito especial todos os e as deportistas do municipio. O acto central tivo lugar durante o encontro Sigüeiro-Esteirana, durante o cal todas as categorías inferiores do Xuventude oroso deron lectura dun manifesto no que explicaron que "a violencia de xénero non distingue de idades, nin de profesións, nin de nivel de estudos..." e remataron cun berro común: "non quedes fóra, usa o lazo e forma parte deste equipo".

A maiores, os Servizos Sociais de Oroso e o CIM de Ordes repartiron máis pegatinas co lema do 25-N entre todos os asistentes ao encontro, rapaces do colexio e veciños en xeral. A maiores, o persoal dos Servizos Sociais realizou un intercambio de experiencias cos seus homólogos portugueses.



O acto contra a violencia de xénero coincidiu coa entrega dos premios aos equipos prebenxamín, benxamín, alevín e xuvenil do Xuventude Oroso, campións das súas respectivas ligas na campaña 2012-2013



Axenda: Decembro

- 3** Plan Mayor Seguridad 17 h. Local 3ª Idade
- 10** Charla para peóns. 20 h. Centro cultural
- 13** Belén vivente da gardería. 18:30 h.
- 14** Contacontos Lúa Lueira, ás 11 h. Biblioteca.

- 16** Fin de inscricións no Diver Nadal
- 17** Obradoiro de Teatro, ás 19 h. Centro cultural
- 18** Teatro. Smoke City. Ás 16:45 horas.
- 20** Visitas dos paxes reais
- 21** Contacontos Lúa Lueira, ás 11 h. Biblioteca.

- 21** Concerto de Corais, ás 20:30 h. Centro cultural
- 26** Excursión ás Brañas de Valga (Mesía)
- 27** Concerto de Panxoliñas, ás 20.30 h. Centro cult.
- 28** Baile para maiores. Grupo Glamour (19:30h)

...e en Xaneiro: gran cabalgata de Reis, festival aninovo...